




Yuisa Villalta

Escolma de textos Día das letras galegas 2024



AS CHAVES DO TEMPO



1


.1

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO



2


.1

Pois, que se saiba, este rei tivo dous fillos, don Afonso e don Pedro, criados severamente, porén sen descuido das máis nobres artes como son a música e as cantigas, nas que axiña destacaron como moi bos tanxedores de zanfona, tiorba e lira, que os instrumentos de sopro, segundo dicían os manuais, non conviñan aos de avoengo real pola deformidade que o esforzo puña no xesto de tan nobres facer.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO



.V

Sabede que naquel tempo a Galiza era terra de pousadas e hospedaría e aínda mesóns onde se preparaba o compango de peregrinos para todos os que chegaban provenientes dos moitos camiños do mundo. Algúns peregrinos botaríanse a andar por vontade de achar reparación para penas espirituais, pero moitos outros, os máis, por traer e vender mercadorías e non poucos viñan fuxidos de extraños lugares onde deixaban pleitos, por roubo, adulterio, rebeldía no pago de tributos, así como soldados escapados das levas. Por iso os hospedeiros soían rexerse polas súas propias leis co fin de asegurar a paz e a convivencia entre persoas de tan diferente condición e miraban moi mal que embozados ou descubertos, aínda que chegasen no nome da xustiza ou dos mesmos reis polo brazo dos seus sicarios, viñesen impor o seu propio respecto.




AS CHAVES DO TEMPO



.XIV

Pola rúa do Concello avanzaban bailando Carnaval e Cuaresma. O primeiro figuraba unha mesa posta, con manteis e manxares enriba, xerras de viño que ao bailar se derramaban e pratos con xamóns, perdices e faisáns. Baixo os manteis ían rapaces tirando ovos recheos de auga. A cuaresma formábaa unha delgada figura tapada por un saiote que deixaba ver os zancos de madeira por baixo. Levaba nunha man a sardiña e na outra un grande caxarto en forma de cruz co que zorregaba en todos cantos pasaban. Os nenos fixeron rodas de man dadas arredor dela, berreando coas bocas sen dentes e, cando as figuras deron en bater nalgúns deles, desfíxéronse correndo e pelexando.



AS CHAVES DO TEMPO



.XV

Baixaba o sol e desquecía a arexa da tarde. Isaura recolleu os panos de cores arredor da carreta, que soía tender para chamar a atención. Tristán limpou e gardou os laúdes, tiorbas e chirimías con que daba variedade e finura ao seu repertorio. O público, despois de deixar caer unhas moedas na alfombra sobre a que bailaba Isaura, fora retirándose, uns e outros bocexando coa fame. Tristán e Isaura subiron á carreta e puxéronse en marcha. As aves da tarde, estorniños e pardais, revoaban con estrondo anunciando que o tempo cambiaba. Ao lonxe uns corvos tamén espreitaban por apañar os refugallos de grans que sempre ficaban estrados cando recollían a feira.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO




Era A Cidade por aquel entón un núcleo moi reducido e fechado de familias que frecuentaban os mesmos lugares, as mesmas igrexas, o Casino, o Náutico, un par de rúas de paseo, os xardíns de Méndez Núñez... Os meus pais, que xa foran á Arxentina e voltaran cuns aforros, abondos para poñer un negocio e construír un par de edificios, deixaron a aldea e establecéronse alí. Eles traballaban arreo nos seus plans, algo para min non moi determinado pero que mencionaban todos os días baixo a denominación de «mellorar». Sei que dentro deses plans estaba a miña carreira de Dereito e o explícito desexo da miña nai de que lograrse algún día entrar no pequeno círculo de señores que levaban as súas fillas do brazo polo xardín, ensaiando xa desde moi novas o paseo que finalmente as levaría ante o altar da colexiata.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO



.XVII

...

A través da xanela víanse pasar nubes, a moita velocidade, dando luz e sombra alternativamente á estancia. Logo veu a noite, pero axiña veu o día outra vez. As árbores medraban ostensiblemente, movíanse as ramas e expandíanse as follas. A madeira do chan facía ruídos, como se insectos ou ratos andasen a rillala por dentro. De cando en cando caía como unha chuvia que axiña secaba. Outra vez veu a noite. Os tres continuaron bebendo até que a botella ficou baleira. Pasarían como setenta veces sete días, a contar polo número de ocasións en que saiu o sol e desapareceu, cando Merlin retomou palabra.




Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

-»Agora que sabedes o noso grande misterio, podedes preguntarme o que queirades».

Don Pedro tardou algo tamén en recuperar a fala. Sen conciencia do tempo meditou e, despois de minutos que quizais fosen anos, contestou:

-»Supoño que non fai falta contar todo o que pasou desde que o meu pai, o Rei don Arturo...»

-»O Vello», interrompeu Merlin.

-»O Vello», confirmou don Pedro.

AS CHAVES DO TEMPO



.XVII

...


-O rei don Arturo o Vello, meu pai, morreu e deixou o reino a aquel dos seus fillos que máis pronto chegase, pois tiña o corazón dividido en partes iguais entre nós e por ningunha razón quería antepoñer unha parte á outra, senón que fose a fortuna a que elixise quen de nós os dous lexítimos herdeiros debería reinar.

Por iso escoitando os designios mandou cruzar entre nós dúas chaves. Ti, Merlín, fabricache as dúas chaves de igual aparencia pero diferente substancia e oposto destino, unha de ferro e outra de ouro. Ninguén soubo nunca cal era cal, tan similares en feitura son. Meu irmán desapareceu por obra de Roi Soares de Pava que agora está ao servizo da Raíña Eleonora, o cal ven facéndome perseguir por temor de que reclame, ben sexa só ou en axuda o meu dereito ao trono. Segundo entendo, do pouco tempo que o meu irmán reinou, todo foron desgracias. Mentres tanto eu nin sequera tiven ocasión de reinar. Por iso veño demandarche, Merlín, a ti que es sabio e xa que ti a fixeches, de que está feita a miña chave, se de ouro ou de ferro».



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO



.XVIII

-Un autobús parou ante un grupo de persoas descoloridas polo efecto do neón. Subiron varias delas antes de arrancar e deixar ao descuberto a cristaleira dun local onde todos concentraban a vista nas pantallas de televisión. Ao fondo catro mozos discutían acaloradamente sen por iso afastar a vista do aparello que tiñan máis preto. Outra pantalla nun recuncho ofrecía a imaxe dunha parella bicándose e carexándose alí onde outras parellas sentadas en bancos reproducían acompasadamente os mesmos xestos. Merlín fixo un aceno de indiferencia para que continuasen sen prestar atención.

No amasillo da grande Cidade Pedro creu ver rostos coñecidos, os antigos rostos que vira outrora combater e morrer no campo de batalla. Merlín asegurou que fosen os mesmos ou os seus herdeiros non era cuestión de importancia.

-»Lembrade: o mundo cambia, o ser humano non. Por esa razón ten a facultade de volver unha e outra vez sobre os seus pasos sen andar máis que de paso por entre o mundo e as súas propias obras. Son os mesmos medos, as mesmas ambicións, o mesmo modo de sentir e tamén, por outra parte, a mesma arela de concordia e xustiza».





Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

TEORÍA DE XOGOS



...

Todo empezou cunha frase que, no seu momento, non entendín ben. Non a frase en si, nen o tono, senón todo o que significaba. Tampouco era nada do outro mundo, como se explicará. Eu levaba pouco tempo traballando naquela Empresa, nunha Cidade que non era a miña e á que apenas me vinculaban asuntos laborais. Pero non era unha Cidade calquera xa que estaba situada nalgún lugar

do meu pasado, non por ter vivido ou estado nela anteriormente, senón porque certo amigo da miña primeira xuventude, ao que chamarei A., era de alí, un amigo que non volví a ver máis, a pesar de que, cando asinei o contrato, se me fixo moi presente, como se me viñe-




Ilustración: Francisco Guitián Valeiro

se visitar e dicirme en persoa o que eu mesma pensei de inmediato: «Mira que casualidade, virás traballar xusto onde eu vivo. É probábel que agora nos volvamos a ver». A verdade é que eu non o busquei (xa non conservaba sequera o enderezo), pero, ao ser esta unha Cidade non moi grande, como todas as do país, sempre me pareceu natural esperar a casualidade de velo un día ou outro, na rúa, por sorpresa.

...

TEORÍA DE XOGOS



...

O inverno avanzaba. Nunha terra chuviñenta como esta nótanse perfectamente os pequenos choutos que dá o ano cando, de pronto, un día amañece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois dunha tempada, logo outra vaga de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao verán. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre máis espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. ao sairmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevisto e molesto.

...





Ilustración: Francisco Guitián Valeiro

TEORÍA DE XOGOS



...

Tal como temíamos, choveu. Non podo dicir a que hora da tarde, só que de súpeto ouvimos un bater líquido nas xanelas, algo poirentas, que se cubriron de regachos baixo a luz grisalla e intensa da choiva sobre o mar. Todos nos volvemos nas nosas cadeiras como se nunca tivésemos visto chover. Ao pouco turbáronse os vidros e deixáronnos nada máis a paisaxe extendida sobre o mantel, os pratos de porcelana, cuxa dignidade persistía baixo os restos de salmón en salsa, exquisitamente preparado, as copas manuseadas co viño a diferentes alturas (aínda non era o noso, tampouco desta vez), os guardanapos enrugados, a humidade, se cadra baforenta tamén, nos ollos, nas linguas, na conversa. Cada vez nos restaba menos espacio a medida que nos relaxabamos e perdiamos a compostura. Gracias a isto, gracias a esta entrega ao gozo e o desamparo, esquecemos o transcórrexer do tempo, igual que o tintín da choiva, e permitimos que todo iso seguise o seu camiño de costas a nós, un número casual de persoas, amigas ou inimigas, até que chegamos a perder toda noción do antes e o despois. Á metade da comida xa daba a impresión de levarmos alí metidos moitas horas, días, a vida enteira.



Ilustración: Francisco Guitián Valeiro

EN CONCRETO



A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta.
O edificios medran cada día.
Faltan por agromar aínda
os mais altos de todos.
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas algúns
outros continentes.
Por aquí pasan decote
os viandantes puntuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior

EN CONCRETO



PALACIO MUNICIPAL

A praza ganduxada polos nenos xoga, espera e garda
un recanto de sombra alquitarada da vontade popular
O sol axoéllase un pouco cada cuarto de hora ao aviso do
/reloxo

brado exacto dunha voz legal que se nos mete dentro
mentres o vento, por detrás, agatuña a canseira camiño do
/cemiterio

Cada cuarto en aumento unha lúa sonora fai cantar o mesmo
/rosto diario

sobre o teatro de títeres á vista do público que pasa
ou fica na sombra dos soportais e nas cafeterías
votando a sesión en cadansúa historia inventada
Os nenos saben que no interior do Concello
as escadas son excesivamente altas para a idade da xente
que as paredes cheiran igual que billetes mexados
e que só algúns zapatos adultos son quen de facerse ouvir
desde o eco dos corredores ata a última rúa que termina por
/coller o tren

Cando o reloxo dea as últimas doce e levante o pleno do día
os acordos vitais ficarán como sempre
pendentes de tramitación.

EN CONCRETO



ESTACIÓN

ONDE nós nunca pasan os trens
Só chegan ou parten
por iso tamén somos nós
a nosa última estación
o noso amor definitivo

Así podemos marchar
no único sentido posíbel
ou esperar o abalo dos viaxeiros
para sentirnos expandidos nas miradas extrañas
que chegan arrastrando as bambolinas do mundo

Onde nós non hai nunca outro destino
que ser un anónimo fin
ou un glorioso comezo

Máis alá
máis alá somente o mar
e a incertidume da luz
o extremo
o abismo
o espello detido de nós.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

EN CONCRETO

POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarita de merenda
onde unha vez alguén do noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento
a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trae cartas de América
e tamén o pequeno que rechea os baleiros do tempo

...



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

PAPAGAIO



17

Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade.
O trolebús asmático agatuñaba a encosta de Panadeiras
até trousar algún vello solteiro, putañoiro sen tasa,
fronte á Farmacia, no Campo da Leña.
O ceo, marco azul para o perdón, ascendía baixo palio,
como un ditador santificado nos seus crimes,
o empedrado da rúa do Hospital
desde o mar Orzán, orixe da espuma ou seme vital,
cara ao carmín prohibido do sexo das señoritas,
sempre a flor de labio -boca, lingua, gorxa, o máis adentro posíbel-.
O Papagaio mudo, caído entre as flores das medias verdades
tinxía de cores charramangueiras
os dous lados do simulacro.
Os anos cincuenta de calquer século:
unha porta verde na cronoloxía repintada,
unha vez tras outra, da esperanza.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

PAPAGAIO



18

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas na aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.

Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.

A pesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o gran á mazaroca.

Por suxeitar a deshonra,
pai e a nai xa nunca me falaron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.


PAPAGAIO



A amizade ten flor que rebenta nas paredes,
sobrevive da podremia mutua
e só precisa das fiestras abertas
onde nace e se deita o sol de dentro.
Compartir as cordas de tender a roupa
vibrantes de emoción e de necesidade
por aquelas cousas que a auga da vida
non dá lavado, pola dor que as esfrega
deteriora, volve inútiles
e entón hai que poñelas a secar
ao ar das bocas abertas, xanelas asustadas.
Non é amor no sentido estrito da palabra
senón amor de luz, esa grande indiferencia
que produce estar ao alcance
porta con porta, vida con vida,
coas cordas frouxas, destensadas
máis e máis a medida que a auga do tempo
amolece o tecido irreversíbel
destes nosos corpos, o único que somos.

LIBRO DAS COLUNAS

EMIGRAR EN TERRA PROPIA




É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cántanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o tonto. E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un *nós* colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico

...




LIBRO DAS COLUNAS

DEBAIXO DA CAPA



O pasado día cinco, engurruñados dentro dun ZX, vin pasar tres dos moitos reis magos de oriente que ese día estaban de choio. Un pouco máis adiante, aproveitando un semáforo, abriron as xanelas do auto e botaron caramelos a uns nenos que pasaban. Os nenos, temerosos nas súas pequenas ambicións, parecían demasiado ocupados repasando todo o que lle pediran e os descontos por broncas cos pais, para preguntarlles se eran os mesmos que acababan de ver na cabalgata, os que viran en cada un dos tres centros comerciais ou os das axencias de mensaxeiros. Pero eu teño a certeza de que bastantes dos nenos son quen de descubrir, debaixo das capas de púrpura e armiño made in Taiwan, os niquis con moitos lavados dos subcontratados nas empresas de traballo temporal. Outra cousa é que os nenos, nas súas pequenas ambicións queiran facerse a idea ou non, ou que lles interese descubrir o cotarro. Polo que a nós respeita, galegos e galegas, debe ser polo frío, o que son capas tampouco nos faltan. Temos por acaso unha capa ben grosa de fuel, mais se queremos mirar o que hai por debaixo, nunha comisión de investigación que ben merecemos aínda que só fose polo ben que a estamos a saber esixir, resulta ser como a dos moitos reis magos, puro glamour do poder, e se non tragamos con el ficaremos sen os carameliños das subvencións.

LIBRO DAS COLUNAS



E VOLVER, VOLVER, VOLVER

Crese que as tartarugas viven centos de anos. Por esa razón dise que Franco non quería ter unha, porque despois, xa se sabe, cóllese cariño ao bicho e cando morre dá moita pena. Agora parece que Fraga tamén foi discípulo del nesta caste de educación sentimental, tanto que, conmovido polas demandas dos seus (des)protexidos, anda a considerar unha prórroga vitalicia e recuncar como candidato á Xunta, seguramente porque non dá feito coa derradeira lección do mestre, a de deixar todo «atado e ben atado». Ai Saturio, Saturio, Saturio... como deixou dito Castelao na súa farsa sobre o que os vellos deben ou non deben facer. Claro que até é humano pensar que iso de ser vello é moi relativo, máxime nun país como o noso, en prórroga terminal desde que temos uso de razón histórica.

...





Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

LIBRO DAS COLUNAS



AS RÚAS E NÓS

As rúas son o seu uso. Evidentemente as rúas somos quen pasamos por elas, vivemos nelas e, como entre nós, lles (nos) damos nome. O goberno local de Sada está a saldar unha débeda democrática, longamente adiada pola anterior corporación, coa substitución de nomes impostos en auto-homenaxe polos executores do terror e a intimidación da Ditadura, nomes dedicados ao propio Xeneralísimo que veraneaba entre hortensias e garda moura no concello, así como os seus acólitos, e que abrollaron indistintamente en todas as cidades e vilas a xeito de bautismo xeral tras a declaración de derrota e vasalaxe por teren sido obxecto e escenario das esperanzadas liberdades republicanas.

...



O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA



OS INSTRUMENTOS DA TRADICIÓN A MÚSICA NA CONSTRUCIÓN DOS SÍMBOLOS PATRIOS DURANTE O REXURDIMENTO

...

A gaita resulta ser un instrumento importado, tal vez xa traído polos suevos no século V, a teor da probábel etimoloxía da palabra que se remontaría a «*gaits*», termo que nos dialectos xermánicos alude á cabra, con cuxa pel se fai o fol da gaita.

...



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA




OS INSTRUMENTOS DA TRADICIÓN A MÚSICA NA CONSTRUCIÓN DOS SÍMBOLOS PATRIOS DURANTE O REXURDIMENTO

...

Cando en 1863 Rosalía publica os *Cantares Gallegos* todo este entramado simbólico no que se relaciona o canto e a música popular co idioma e, en xeral, coas reivindicacións patrióticas constituía xa un terreo ben sementado. De feito, segundo as súas propias palabras, a autora toma exemplo de Antonio Trueba, seleccionando cantares populares sobre os cales constrúe unhas extensas glosas poéticas como o autor fixera noutro idioma.

...



O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA



LORCA E O NACIONALISMO DE SÍNTESE AS «REXIÓNS MUSICAIS» DE ESPAÑA

Os seis poemas galegos de Federico García Lorca, con seren a única mostra deste autor na nosa lingua, pertencen, sen dúbida, ao núcleo de poemas máis comentados, prologados e debatidos da literatura galega. A causa de tal atención fúndase, obviamente, na súa rareza, e, sobre todo, na hospitalidade crítica que merece Lorca, un autor glorioso que se achega a nós desde a lingua que nos é hostil.



Na fachada de Santa María do Azouge, en Betanzos, no ano 1932.
No centro, Federico García Lorca.

MÚSICA RESERVADA

A Pancho, a Noli e a Elena

Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite
que as rúas devolveron
con luces e clamores
secretos
na noite.

Andei por Compostela
coa pel das pedras orceladas,
a Rúa das Hortas
onde descansan os arcanos
na noite.

Ecos barrocos e fidalgos
tocaron os tambores
nas luces das xanelas:
Casas Reais e as grandes laxes
como balsas na corrente
cara adiante.

Na noite, un cantigar de fontes
nas rúas embozadas
que espadan entre si:
Rúa Nova e Rúa do Vilar
como dous brazos amigos
que se apertan no Toural.

Pisando estrelas subo as Pratarías,
Quintana arriba, paro e miro:
O ceo peneira os ecos das esquinas,
E a Berenguela, á alba, absorta aínda.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

LUÍSA VILLALTA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2024

